

—05

A POSIBILIDADE DUNHA ILLA

Bs.As. (España, 2006) Dirección, guión, produción e fotografía: Alberte Pagán. Duración: 79 minutos. Festival de Xixón.

NON SEI SE *BS. AS.* É ALGÚN TIPO DE PEZA fundacional, pero a súa aparición foi un terremoto silandeiro que rebentaba os alicerces nos que asentaba unha cinematografía como a galega. Un filme que camiñaba por territorios inéditos, pola radicalidade coa que asume toda unha tradición de cinema experimental e lle dá forma, e polos medios de produción escollidos, máis parecidos aos dun filme afeccionado que aos da industria que algúns devecían por crear.

Bs. As. é un filme sobre a emigración onde esta encarna no filme, que adopta una estrutura dual, basculando entre as dúas beiras do Atlántico. Unha oscilación que non se detén entre esa representación do aquí e o alí que asumían narradoras distintas, senón que se traslada a outras múltiples dialécticas: a emoción e o distanciamento —esa maneira de traballar a voz da prima para provocar unha evidente sensación de estrañamento—, a palabra e o visual, a memoria e o presente —o modo fascinante en que se entrecruzan os tempos nas dúas conversas—, ou en definitiva, a política e a experimentación formal.

Unha disxuntiva esta última imposíbel de resolver para un cineasta como Alberte Pagán que confesou ser incapaz de deixar calquera das dúas de lado. Un cineasta como hai moi poucos, por esa capacidade para seguir buscando de maneira case diríamos que artesanal novas maneiras de facer, sen que o afogue esa pretensión de procurar esa cousa tan falsa que pode chegar a ser o estilo. Un creador que conseguiu pór en pé unha obra insubornábel e imprescindíbel e que en *Bs. As.* nos deixa entre outras moitas cousas un dos planos máis potentes do cinema galego recente, ese longo percorrido no metro que pecha a fermosa viaxe que é o filme. **Iván García Ambrúñeiras**